

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA

CURSO: 3º ESO

MATERIA: MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS
ACADÉMICAS

DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. MACB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. MACB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas.
B2.1. Utilizar as propiedades dos números racionais, as raíces e outros números radicais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para resolver problemas da vida cotiá, e presentar os resultados coa precisión requirida.	MACB2.1.2. Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica neste caso o grupo de decimais que se repiten ou forman período. MACB2.1.3. Acha a fracción xeratriz correspondente a un decimal exacto ou periódico. MACB2.1.5. Distingue e emprega técnicas adecuadas para realizar aproximacións por defecto e por exceso dun número en problemas contextualizados, e xustifica os seus procedementos. MACB2.1.6. Aplica axeitadamente técnicas de truncamento e redondeo en problemas contextualizados, recoñecendo os erros de aproximación en cada caso para determinar o procedemento máis adecuado. MACB2.1.8. Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.
B2.2. Obter e manipular expresións simbólicas que describan sucesións numéricas, observando regularidades en casos sinxelos que inclúan patróns recursivos.	MACB2.2.1. Calcula termos dunha sucesión numérica recorrente usando a lei de formación a partir de termos anteriores MACB2.2.3. Identifica progresións aritméticas e xeométricas, expresa o seu termo xeral, calcula a suma dos "n" primeiros termos e emprégaa para resolver problemas.
B2.3. Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado, extraendo a información salientable e transformándoa.	MACB2.3.1. Realiza operacións con polinomios e utilízalos en exemplos da vida cotiá. MACB2.3.2. Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplícaa nun contexto axeitado.
B2.4. Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, ecuacións sinxelas de grao maior que dous e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, valorando e contrastando os resultados obtidos.	MACB2.4.1. Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións e sistemas de ecuacións, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido.
B4.1. Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica.	MAB B4.1.2. Identifica as características máis salientables dunha gráfica interpretándoas dentro do seu contexto.
B4.2. Identificar relacións da vida cotiá e doutras materias que poden modelizarse mediante unha función lineal, valorando a utilidade da descrición deste modelo e dos seus parámetros, para describir o fenómeno analizado.	MACB4.2.1. Determina as formas de expresión da ecuación da recta a partir dunha dada (ecuación punto pendente, xeral, explícita e por dous puntos), identifica puntos de corte e pendente, e represéntaa graficamente.

B4.3. Recoñecer situacións de relación funcional que necesitan ser descritas mediante funcións cuadráticas, calculando os seus parámetros e as súas características.	MACB4.3.1. Calcula os elementos característicos dunha función polinómica de grao 2 e represéntaa graficamente.
B3.1. Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas.	MACB3.1.3. Identifica e describe os elementos e as propiedades das figuras planas, os poliedros e os corpos de revolución principais.
B3.2. Utilizar o teorema de Tales e as fórmulas usuais para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles e para obter as medidas de lonxitudes, áreas e volumes dos corpos elementais, de exemplos tomados da vida real, representacións artísticas como pintura ou arquitectura, ou da resolución de problemas xeométricos.	MACB3.2.1. Calcula o perímetro e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas. MACB3.2.4. Calcula áreas e volumes de poliedros, cilindros, conos e esferas, e aplícaos para resolver problemas contextualizados.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Aquí vamos a distinguir dous casos:</p> <ul style="list-style-type: none"> CASO 1. Alumnado que ten nula participación dende o 13 de marzo. Este alumnado avaliarase coas notas obtidas na 1ª e 2ª avaliación segundo os criterios que figuran na programación do departamento de matemáticas. CASO 2. Alumnado con participación a partir do 13 de marzo. O traballo levado a cabo polo alumnado nesta terceira avaliación valorarase con unha nota entre 0 e 10.
	Instrumentos: Tarefas propostas ao alumnado a través da aula virtual do centro, por e-mail, por teléfono, exames online, traballos, asistencia a videoconferencias,...
Cualificación final	<p>Para o alumnado de nula participación nesta terceira avaliación xa se dixo anteriormente.</p> <p>Para o resto do alumnado farase a media aritmética das dúas primeiras avaliacións máis o 20% da nota correspondente á terceira avaliación. Obtendo a nota desta terceira avaliación entre as tarefas e os exames realizados con unha ponderación de 60 % os exames e 40% tarefas realizadas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Manterase se é posible unha proba escrita presencial, no caso de non poder realizar a proba no centro, farase online. Esta proba consistirá en cuestións referidas aos estándares nos que figura un grao mínimo de consecución igual ou superior ao 100% da programación do departamento de matemáticas relativos á 1ª e 2ª avaliación.
Alumnado de materia pendente	<p><u>Criterios de avaliación:</u></p> <p>Os criterios de avaliación serán os que figuran na programación do departamento de matemáticas relativos á 1ª e 2ª avaliación é máis concretamente aqueles estándares de aprendizaxe que se consideran mínimos (con un peso igual ou superior ao 100%) para acadar os obxectivos deste curso.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación:</u></p> <p>Para aquel alumnado que teña unha avaliación menor de 5 na 1ª ou 2ª avaliación proporáselle a realización dun exame online, salvo que a situación o permita facer presencialmente, antes do remate do curso. A nota calcularase como a media da nota da avaliación ordinaria e a recuperación. No caso de ser a nota de recuperación igual ou superior a cinco, pero a nota media inferior a 5, considerarase que o alumno/a acada unha valoración de 5.</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></p> <p>Para o alumnado con unha ou as dúas avaliacións suspensas propoñenselle exercicios de repaso-reforzo baseando estes exercicios nos estándares de aprendizaxe mínimos.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades de recuperación, centraranse para o alumnado que ten suspensas algunha das dúas primeiras avaliacións. Propoñendo tarefas que garantan a este alumnado a adquisición dos estándares de aprendizaxe mínimos.</p> <p>Propóñense tamén actividades de ampliación que terán como referencia aqueles obxectivos e competencias que se consideran necesarios para a adecuada progresión do alumnado.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado do IES non ten problemas de conectividade. Polo que se utiliza preferentemente a Aula virtual para poñer a disposición do alumnado vídeos explicativos, boletíns con actividades e tamén é a vía que o alumnado ten para enviar ao profesor as tarefas realizadas, as cales serán corrixiadas de modo individual. Cada día o profesor pon na aula virtual un vídeo explicando o contido da sesión correspondente a ese día e a tarefa correspondente do boletín de exercicios. E cada día o alumnado debe entregar a través da aula virtual a tarefa correspondente.</p> <p>O alumnado ten comunicación vía whatsapp co profesor da materia para preguntar dúbidas.</p> <p>E realizaranse videoconferencias co alumnado.</p>
Materiais e recursos	Vídeos explicativos, boletíns, material web, libros de texto online.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O profesor comunícase co alumnado a diario mediante a Aula virtual e no grupo de whatsapp.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.